

COMUNICADO 6 – CAMPUS DE SEMANA SANTA

21 de marzo de 2025

Benqueridas familias:

Achéganse as vacacións de Semana Santa e nos días que non son festivos conciliar familia e traballo pode complicarse. É ante esta realidade ante a cal dende o Club Salesianos Coruña facemos a nosa oferta, unha oferta deportiva e educativa, con tres modalidades distintas e incluimos, tamén, a posibilidade de servizo de comedor e de madrugadores.

A **modalidade A**, totalmente xestionada polo Club nas instalacións de Salesianos A Coruña, divide a mañá en dúas partes: unha adicada ao fútbol sala e a outra adicada ao baloncesto, os dous deportes de equipo que temos actualmente no Club.

As **modalidades B e C** traémolas da man de **Brava Surf**, na que tamén dividiremos a mañá en dúas partes: unha adicada ao fútbol sala (modalidade B) ou ao baloncesto (modalidade C) e a outra adicada ao surf.



A parte de surf terá lugar na praia do Orzán, ao lado das nosas instalacións, e nela desenvolveranse as actividades de surf, *surf & skate* e SUP (*Stand Up Paddle*), en función do que as condicións meteorolóxicas permitan.

En todas as modalidades, os deportistas deberán traer roupa apta para a práctica deportiva, unha camiseta de reposto e auga (quen queira merenda, tamén). Nas modalidades B e C tamén traxe de baño e chancletas.

- ✓ **Para quen?:** Nenas e nenos que fagan Educación Primaria, no Colexio Salesiano ou noutro.
- ✓ **Cando?:** 14, 15, 16 e 21 de abril, de 9.30h a 14.00h.
- ✓ **Opción madrugadores:** Dende as 8.00h (12€ en total, ou 4,50€ / día).
- ✓ **Opción servizo comedor:** De 14.00h a 15.30h, incluíndo a comida, xestionada por Arume (36€ en total ou 10€ / día).
- ✓ **Como apuntarse?:** Nesta [ligazón](#) ata o 9 de abril. Despois só se hai prazas.

A actividade precisa dun **número mínimo de participantes**, de non chegar ao mínimo non poderá ter lugar e poñerémonos en contacto convosco para comunicalo o día 10 de abril.

PREZOS

Inclúen a modalidade indicada (sen madrugadores nin comedor), con todo o material preciso para a mesma, seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes.

Modalidade A		Modalidades B/C	
Xeral	50 € / total	14 € / día	109 € / total
Deportistas do Club	40 € / total	12 € / día	104 € / total

IRMÁNS

No caso dun segundo, terceiro... irmá/n, o prezo destes será:

Modalidade A		Modalidades B/C	
Xeral	48 € / total	13 € / día	108 € / total
Deportistas do Club	38 € / total	10 € / día	103 € / total

Se tedes algunha dúbida, podedes poñervos en contacto connosco por WhatsApp no 653 69 49 24 ou mandando un correo electrónico a club@clubsalesianoscoruna.es.

Desexando que poidamos seguir sendo futuro a través dun Deporte cada vez máis Educativo e máis Salesiano na nosa Casa, saudámosvos.

Unha aperta,



Club Salesianos Coruña